



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 14 DE

ABRIL DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día catorce de abril de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 7 de abril de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 7 de abril de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

### 2º.- Correspondencia

- Anuncio da Deputación Provincial da Coruña polo que se comunica a resolución provisional de concesión de subvencións do programa FOIOOB, dirixido a concellos e outras entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2014. Concédesele ao Concello de Cambre unha subvención por importe de 22860,80 € para o programa Concilia Cambre. (Boletín Oficial da Provincia número 67, do día 8 de abril de 2014).

- Escrito do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, rexistrado de entrada o día 11 de abril de 2014 co número 0/2774, no que se comunica que a Asociación Galega de Escolas Infantís (AGADEI) interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación o día 19 de decembro de 2013 e contra a

desestimación do correspondente recurso de reposición, se solicita a remisión a ese órgano xudicial dunha copia autenticada do expediente e se empra a aos interesados a persoarse como demandados.

- Orde do 3 de abril de 2014, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, cofinanciados parcialmente co FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (Diario Oficial de Galicia número 71, do día 11 de abril de 2014).

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña polo que se publican os lugares públicos e locais oficiais designados para a realización de actos de campaña electoral, con motivo das eleccións ao Parlamento Europeo, convocadas polo Real decreto 213/2014, do 31 de marzo. (Boletín Oficial da Provincia número 71, do 14 de abril de 2014).

- Orde do 4 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115A). (Diario Oficial de Galicia número 72, do 14 de abril de 2014).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado**

Don Fernando Caride Suárez informa respecto do tema da piscina da Barcala, en canto ás sancións propostas debido ás anomalías do mantemento. A proposta de sanción está asinada polo enxeñeiro de camiños, enxeñeiro técnico, arquitecto e coordinador de actividades culturais e educativas e nela dálle un prazo á empresa para que acometa a subsanación das deficiencias que presenta a piscina. De non atender este requirimento, propónse sancionar a empresa con 1.672,54 euros/día. Da proposta déuselle traslado ao departamento de contratación para que emita informe ao respecto.

A continuación informa respecto da edición XIV de tenis, que ten lugar nas instalacións da escola de tenis Marineda dende o sábado día 12 de abril ao domingo día 20 de abril.





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Igualmente, don Fernando Caride Suárez informa da actividade, dentro do programa "Este finde teño plan", da viaxe cultural a Madrid do 25 ao 27 de abril, que completou todas as prazas.

Tamén informa que xa está en funcionamento o segundo curso da ESO, e o segundo curso básico de hostelería xa completou o aforo das quince prazas.

Para rematar a súa intervención don Fernando Caride Suárez informa que dentro do programa "vente de marcha", tivo lugar a ruta CIV á illa de San Simón (Redondela) o día 13 de abril, cun total de 55 participantes e manifesta que foi todo un éxito.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o prazo para presentar alegacións en canto á listaxe dos postos da feira remata o día 21 do mes que andamos. O día 22 de abril terá lugar o sorteo e para a vindeira feira do día 2 de maio xa estarán adxudicados.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que o mércores da semana pasada comezaron as obras da ampliación da ponte da ría do Burgo. Manifesta que ao remate das obras quedarán semáforos anulados, que hai que retirar e intentarán aproveitálos para outros lugares.

Respecto dos proxectos a incluír no Plan "DTC 93. Unha deputación para todos os concellos", serán a rotonda na estrada Cambre-Carral coa AC-214; a modificación da rotonda ao lado do campo da feira; pasos elevados no centro de Cambre e na zona do paraguas e actuacións de fecais, pluviais e cambio da parada do bus; proxecto de renovación do parque infantil de San Lorenzo e a construción do parque biosaudable na parroquia de Cambre.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que dentro da programación de cine infantil vacacional de semana santa terán lugar as representacións teatrais "Rompe Ralph" no centro sociocultural da Barcala o día 14 de abril, ás 17.00 e ás 19.00 horas e "El libro de la selva" no centro sociocultural do Graxal, ás 17.00 e ás 19.00 horas.

A continuación informa da programación "cultura no camiño" da Xunta de Galicia para os vindeiros meses de maio e xuño. Así o día 31 de maio, ás 20.30 horas no local La Juventud de Cecebre representárase a obra "Rosa de dous aromas" por Teatro Proscrito. O día 7 de xuño, ás 20.30 horas no centro sociocultural do Graxal a obra "Os patios da

3

memoria" por Teatro do Morcego. O día 14 de xuño, ás 19.00 horas no anfiteatro do parque da Igrexa de Cambre, haberá teatro infantil a cargo de Os tres tenedores, "Ensalada de instrumentos". O día 23 de xuño, ás 19.00 horas no anfiteatro do parque da Igrexa de Cambre, "Bicos de música" con Mamá Cabra.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que dentro das actividades de coeducación pola igualdade, os alumnos de 4º de primaria realizaron unha avaliación dos traballos sobre as mulleres de Cambre. O acto final rematará o día 25 de abril do ano que andamos, debido aos exames dos alumnos e vacacións de semana santa.

A continuación informa respecto da programación realizada por parte da Garda Civil en relación a cómo protexerse das redes sociais, sobre todo polo mal uso de internet. Engade que comezarán polo CEIP de Sigrás e logo visitarán os outros centros educativos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Eivas Caridad

A secretaria accidental



Verónica María Otero López